

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

12473 Orde FOM/2437/2015, do 13 de novembro, pola que se modifican os anexos I, V e VI do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da rede ferroviaria de interese xeral.

O Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da rede ferroviaria de interese xeral, supuxo a incorporación ao ordenamento xurídico interno da Directiva 2008/57/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xuño de 2008, sobre a interoperabilidade do sistema ferroviario dentro da Comunidade, así como da Directiva 2009/131/CE da Comisión, do 16 de outubro de 2009, que modificaba o anexo VII da citada Directiva 2008/57/CE.

A disposición derradeira cuarta do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, autoriza o ministro de Fomento para modificar os seus anexos cando sexa necesario como consecuencia do que dispoña a normativa comunitaria. En virtude da dita autorización, o citado real decreto foi modificado pola Orde FOM/3218/2011, do 7 de novembro, pola que se modifican os anexos II, V e VI do Real decreto; pola Orde FOM/421/2014, do 3 de marzo, pola que se modifica o seu anexo III, e pola Orde FOM/22/2015, do 19 de xaneiro, que modifica novamente o anexo III do real decreto de referencia.

A Directiva 2014/106/UE da Comisión, do 5 de decembro de 2014, modifica os anexos V e VI da Directiva 2008/57/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre a interoperabilidade do sistema ferroviario dentro da Comunidade. A citada Directiva 2014/106/UE, que se incorpora ao ordenamento xurídico español a través da presente orde ministerial, persegue definir mellor o ámbito e o contido da declaración CE de verificación dos subsistemas, en particular, a responsabilidade do signatario da dita declaración; aclarar os procedementos relativos á declaración de verificación en caso de modificación dos subsistemas existentes e en caso de verificacións adicionais levadas a cabo polos organismos notificados; aclarar o obxectivo do procedemento de verificación de subsistemas, así como definir os principios que rexen o procedemento de verificación en caso de modificación dos subsistemas existentes.

Por outra parte, con data do 1 de abril de 2015 o Consello da Unión Europea procedeu a unha corrección de erros de varias versións da Directiva 2008/57/CE, entre elas a española, que afecta a redacción do anexo I, punto 1.2, segundo parágrafo, que se incorpora igualmente ao noso ordenamento xurídico a través da presente orde ministerial.

Durante a tramitación da disposición, conforme o disposto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, déuselles audiencia ás empresas ferroviarias e candidatas, aos administradores de infraestruturas ferroviarias, aos centros de material rodante, aos fabricantes de material rodante, aos titulares de material rodante, organismos notificados, así como de certificación e avaliadores de seguridade, entidades relacionadas co sistema europeo de xestión do tráfico ferroviario (ERTMS), e construtores e asociacións de material rodante. Igualmente, e dando cumprimento á disposición derradeira terceira da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, someteuse a informe do Consello Nacional de Transportes Terrestres, así como do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Esta orde ministerial dítase ao abeiro da disposición derradeira cuarta do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da rede ferroviaria de interese xeral.

Na súa virtude, por proposta do secretario xeral de Infraestruturas, coa conformidade do secretario de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos I, V e VI do Real decreto 1434/2010, do 5 de novembro, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario da rede ferroviaria de interese xeral.*

Un. Modifícase o parágrafo segundo do número 1.2 do anexo I, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Poderase incluír o material móbil de construción e mantemento de infraestruturas ferroviarias.»

Dous. O anexo V queda redactado como segue:

«ANEXO V

Declaración «CE» de verificación dos subsistemas

1. Declaración «CE» de verificación de subsistemas.

A declaración «CE» de verificación dun subsistema é unha declaración feita polo «solicitante» segundo o disposto no artigo 13, na cal este declara, baixo a súa exclusiva responsabilidade, que o subsistema en cuestión, que foi obxecto dos correspondentes procedementos de verificación, cumpre os requisitos da lexislación pertinente da Unión, incluídas, de ser o caso, as normas nacionais pertinentes.

A declaración «CE» de verificación e os documentos que a acompañen deberán ir debidamente datados e asinados.

A declaración «CE» de verificación deberase basear na información resultante do procedemento de verificación «CE» dos subsistemas definidos no anexo VI. Deberá estar redactada na mesma lingua que o expediente técnico que acompaña a declaración «CE» de verificación, e conterá, como mínimo, os elementos seguintes:

- a) A referencia á Directiva 2014/106/UE da Comisión, do 5 de decembro de 2014, as ETI e as normas nacionais aplicables;
- b) A referencia ás ETI ou ás partes destas cuxa conformidade non se examinase durante o procedemento de verificación CE e ás normas nacionais que se aplicasen en caso de excepción, aplicación parcial das ETI no caso de rehabilitación ou renovación, período transitorio nunha ETI ou caso específico;
- c) O nome e o enderezo do «solicitante» (indicaranse a razón social e o enderezo completo; en caso de que se trate dun mandatario, consignarase tamén a razón social da entidade contratante ou o fabricante);
- d) Unha breve descrición do subsistema;
- e) O nome ou nomes, o enderezo ou enderezos e o número ou números de identificación do organismo ou organismos notificados que efectuasen a verificación ou verificacións «CE» previstas no artigo 13;
- f) O nome ou nomes, o enderezo ou enderezos e o número ou números de identificación do organismo ou organismos notificados que efectuasen a avaliación da conformidade con outras disposicións regulamentarias derivadas do tratado;
- g) O nome ou nomes e o enderezo ou enderezos do organismo ou organismos designados que efectuasen a verificación ou verificacións de conformidade coas normas nacionais a que fai referencia o número 3 do artigo 12;
- h) O nome e o enderezo do organismo ou organismos de avaliación que elaborasen os informes de avaliación da seguridade en relación co uso dos métodos comúns de seguridade (MCS) relativos á avaliación do risco recollidos no Regulamento de execución (UE) n.º 402/2013 da Comisión, do 30 de abril de 2013.
- i) As referencias dos documentos contidos no expediente técnico que acompaña a declaración «CE» de verificación;

j) Todas as disposicións pertinentes, provisionais ou definitivas, que debe cumprir o subsistema e, especialmente, de ser o caso, as restricións ou condicións de explotación;

k) A identificación do signatario (é dicir, a persoa ou persoas físicas autorizadas para asinar a declaración). Cando se faga referencia no anexo VI á «declaración de verificación intermedia» (DVI), aplicarase a esta declaración o disposto nesta sección.

2. Declaración «CE» de verificación de subsistemas en caso de modificacións.

No caso dunha modificación que non sexa unha substitución no marco do mantemento dun subsistema cuberto por unha declaración «CE» de verificación, aplicaranse, sen prexuízo do disposto no artigo 15, as disposicións seguintes:

2.1 Se a entidade que introduce a modificación demostra que a modificación non afecta as características básicas de deseño do subsistema que son pertinentes para o cumprimento dos requisitos relativos aos parámetros fundamentais:

a) A entidade que introduce a modificación deberá actualizar as referencias dos documentos contidos no expediente técnico que acompaña a declaración «CE» de verificación;

b) Non terá que facer unha nova declaración «CE» de verificación.

2.2 Se a entidade que introduce a modificación demostra que a modificación afecta as características básicas de deseño do subsistema que son pertinentes para o cumprimento dos requisitos relativos a algúns parámetros fundamentais:

a) A entidade que introduce a modificación deberá facer unha declaración «CE» de verificación complementaria con referencia aos parámetros fundamentais de que se trate;

b) A declaración «CE» de verificación complementaria deberá ir acompañada dunha lista dos documentos do expediente técnico orixinal que acompaña a declaración «CE» de verificación que xa non sexan válidos;

c) O expediente técnico que acompaña a declaración «CE» de verificación incluírá probas de que as repercusións das modificacións se limitan aos parámetros fundamentais recollidos na letra a);

d) As disposicións da sección 1 do presente anexo serán aplicables, *mutatis mutandis*, a esta declaración «CE» de verificación complementaria;

e) A declaración «CE» de verificación orixinal considerárase válida para os parámetros fundamentais a que non afecte a modificación.

3. Declaración «CE» de verificación de subsistemas en caso de verificacións adicionais.

Unha declaración «CE» de verificación dun subsistema poderase complementar no caso de que se levasen a cabo verificacións adicionais, en particular cando tales verificacións adicionais sexan necesarias co fin de obter unha autorización adicional para a posta en servizo. En tal caso, o ámbito da declaración complementaria limitarase ao ámbito das verificacións adicionais.»

Tres. O anexo VI queda redactado como segue:

«ANEXO VI

Procedemento de verificación «CE» dos subsistemas

1. Principios xerais.

Enténdese por «verificación 'CE'» o procedemento levado a cabo polo solicitante de acordo co artigo 13 para comprobar se se cumpriron os requisitos da lexislación pertinente da Unión, incluídas, de ser o caso, as normas nacionais pertinentes en relación cun subsistema, e se se pode autorizar a posta en servizo do subsistema.

2. Certificado de verificación expedido por un organismo notificado.

2.1 Introducción:

A verificación por referencia ás ETI é o procedemento polo cal un organismo notificado comproba e certifica que o subsistema cumpre as especificacións técnicas de interoperabilidade (ETI) correspondentes.

Isto enténdese sen prexuízo da obriga do solicitante de cumprir calquera outra normativa comunitaria aplicable, incluíndo, de ser o caso, as verificacións efectuadas polos organismos de avaliación requiridas por outras disposicións aplicables.

2.2 Declaración de verificación intermedia (DVI):

2.2.1 Principios:

Por instancia do solicitante, as verificacións poderán realizarse para partes dun subsistema ou limitarse a determinadas etapas do procedemento de verificación. En tales casos, os resultados da verificación poderanse documentar nunha «declaración de verificación intermedia» (DVI) expedida polo organismo notificado elixido polo solicitante.

A DVI debe facer referencia ás ETI respecto ás cales se avalíase a conformidade.

2.2.2 Partes do subsistema:

O solicitante pode pedir unha DVI para calquera parte en que decida dividir o subsistema. Cada parte comprobarase en cada etapa descrita no número 2.2.3.

2.2.3 Etapas do procedemento de verificación:

O subsistema ou determinadas partes do subsistema comprobaranse en cada unha das etapas seguintes:

- a) Fase de deseño xeral;
- b) Producción: construción, incluídas, en particular, a execución das obras de enxeñaría civil, a fabricación, a montaxe dos compoñentes e a regraxa do conxunto;
- c) Ensaio final.

O solicitante pode pedir unha DVI para a etapa de deseño (incluídos os ensaios de tipo) e para a etapa de produción para o subsistema no seu conxunto ou para calquera parte en que o solicitante decidise dividilo (véxase o número 2.2.2).

2.3 Certificado de verificación:

2.3.1 Os organismos notificados responsables da verificación avaliarán o deseño, a produción e o ensaio final do subsistema e expedirán o certificado de verificación destinado ao solicitante que, pola súa vez, redactará a declaración «CE» de verificación. O certificado de verificación debe facer referencia ás ETI respecto ás cales se avalíase a conformidade.

Cando un subsistema non fose avaliado para comprobar a súa conformidade con todas as ETI aplicables (por exemplo, no caso dunha excepción, unha aplicación parcial das ETI no caso dunha rehabilitación ou renovación, un período de transición nunha ETI ou un caso específico), o certificado de verificación indicará a referencia exacta ás ETI ou ás partes destas respecto ás cales o organismo notificado non examinase a conformidade durante o procedemento de verificación.

2.3.2 Cando se expedisen DVI, o organismo notificado responsable da verificación do subsistema terá en conta estas DVI e, antes de expedir o seu certificado de verificación:

- a) Verificará que as DVI cobren correctamente os requisitos pertinentes das ETI;
- b) Comprobará todos os aspectos que non queden cubertos polas DVI e
- c) Comprobará o ensaio final do subsistema no seu conxunto.

2.3.3 No caso dunha modificación dun subsistema xa cuberto por un certificado de verificación, o organismo notificado efectuará unicamente os exames e ensaios que sexan pertinentes e necesarios, é dicir, a avaliación afectará só as partes do subsistema que fosen modificadas e as súas interfaces coas partes non modificadas do subsistema.

2.3.4 Cada organismo notificado que participase na verificación dun subsistema elaborará un expediente técnico de conformidade co artigo 13, número 3, que abrangue o ámbito das súas actividades.

2.4 Expediente técnico que acompaña a declaración «CE» de verificación:

O expediente técnico que acompaña a declaración «CE» de verificación deberá ser compilado polo solicitante e incluír os seguintes elementos:

a) Características técnicas relacionadas co deseño, incluídos planos xerais e de detalle en relación coa execución, esquemas eléctricos e hidráulicos, esquemas dos circuitos de mando-control, descrición dos sistemas informáticos e dos automatismos ao nivel de detalle suficiente para documentar a verificación de conformidade efectuada, documentación sobre o funcionamento e o mantemento, etc., pertinentes para o subsistema en cuestión;

b) Unha lista dos compoñentes de interoperabilidade incorporados ao subsistema;

c) Os expedientes técnicos a que se fai referencia no número 2.3.4 anterior, elaborados por cada un dos organismos participantes na verificación do subsistema, que deberán incluír:

– Copias das declaracións «CE» de conformidade e, cando sexa aplicable, das declaracións «CE» de idoneidade para o uso establecido para os compoñentes de interoperabilidade e acompañadas, de ser o caso, dos cadernos de cálculos correspondentes e dunha copia dos informes dos ensaios e exames efectuados polos organismos notificados sobre a base das especificacións técnicas comúns,

– Cando se dispoña dela, a DVI que acompaña o certificado de verificación, incluído o resultado da verificación da súa validez efectuada polo organismo notificado,

– O certificado de verificación, acompañado dos cadernos de cálculos correspondentes e asinado polo organismo notificado responsable da verificación, onde se faga constar que o subsistema cumpre os requisitos das ETI aplicables e se mencione calquera reserva formulada durante a execución das actividades e que non se retire; o certificado de verificación debe ir acompañado, así mesmo, dos informes das inspeccións e auditorías que o mesmo organismo elaborase en cumprimento da súa misión, segundo se indica nos números 2.5.2 e 2.5.3;

d) Certificados de verificación expedidos conforme outra normativa comunitaria de aplicación.

e) Cando se requira a verificación da integración segura conforme o disposto no artigo 10, o expediente técnico correspondente incluírá o informe ou informes dos avaliadores sobre os métodos comúns de seguridade (MCS) relativos á avaliación de risco aos cales se refire o Regulamento de execución (UE) n.º 402/2013 da Comisión, do 30 de abril de 2013.

2.5 Vixilancia por parte dos organismos notificados.

2.5.1 O organismo notificado encargado de verificar a realización deberá ter acceso permanente ás obras, talleres de fabricación, zonas de almacenamento e de prefabricación, ás instalacións de ensaio e, en xeral, a todo lugar que considere necesario para o cumprimento da súa función. O solicitante deberá remitir ao organismo notificado todos os documentos necesarios para tal fin e, en particular, os plans de implementación e a documentación técnica do subsistema.

2.5.2 O organismo notificado responsable de comprobar a implementación levará a cabo auditorías periódicas para confirmar que se cumpre o disposto na ETI ou nas ETI aplicables. Presentará un informe de auditoría aos encargados da implementación. A súa presenza poderá ser requirida en determinadas fases da obra.

2.5.3 O organismo notificado poderá visitar sen aviso previo as obras ou os talleres de fabricación. Con ocasión destas visitas, poderá efectuar auditorías completas ou parciais. O organismo notificado facilitará un informe da inspección e, de ser o caso, un informe da auditoría aos profesionais encargados da realización.

2.5.4 O organismo notificado deberá estar en condicións de supervisar un subsistema no cal se montase un compoñente de interoperabilidade co fin de avaliar, cando así o requira a ETI correspondente, a súa idoneidade para o uso dentro do contorno ferroviario en que se queira utilizar.

2.6 Presentación:

O solicitante conservará unha copia do expediente técnico que acompaña a declaración «CE» de verificación durante toda a vida útil do subsistema. Esta documentación será remitida a calquera Estado membro que o solicite.

As solicitudes de autorización de posta en servizo presentaranse ante a Axencia Estatal de Seguridade Ferroviaria e, ao igual que os documentos que se presenten, irán redactadas en lingua castelá ou traducidas para esta.

2.7 Publicación:

Todos os organismos notificados publicarán con carácter periódico a información pertinente relacionada:

- a) Coas solicitudes de verificación e coas DVI recibidas;
- b) Coa solicitude de avaliación da conformidade e idoneidade para o uso dos compoñentes de interoperabilidade;
- c) Coas DVI expedidas ou denegadas;
- d) Cos certificados de conformidade e cos certificados «CE» de idoneidade para o uso expedidos ou denegados;
- e) Cos certificados de verificación expedidos ou denegados.

2.8 Lingua:

Os expedientes e a correspondencia relacionados co procedemento de verificación «CE» redactaranse en idioma castelán cando o solicitante estea establecido en España.

3. Certificado de verificación expedido por un organismo designado.

3.1 Introducción:

En caso de que se apliquen normas nacionais, a verificación incluírá un procedemento polo cal o organismo designado comproba e certifica que o subsistema cumpre as normas nacionais notificadas conforme o número 3 do artigo 12.

3.2 Certificado de verificación:

O organismo designado expedirá o certificado de verificación destinado ao solicitante. Este certificado incluírá unha referencia precisa á norma ou normas nacionais cuxa conformidade examinase o organismo notificado no proceso de verificación. No caso das normas nacionais relativas aos subsistemas que compoñan un vehículo, o organismo designado dividirá o certificado en dúas partes: unha onde consten as referencias ás normas nacionais estritamente relacionadas coa compatibilidade técnica entre o vehículo e a rede, e outra sobre todas as demais normas nacionais.

3.3 Expediente técnico:

O expediente técnico compilado polo organismo designado que acompaña o certificado de verificación no caso das normas nacionais deberase incluír no expediente técnico que acompaña a declaración «CE» de verificación a que se refire o punto 2.4 e conter os datos técnicos pertinentes para a avaliación da conformidade do subsistema coas ditas normas nacionais.

3.4 Lingua:

Os expedientes e a correspondencia relacionados co procedemento de verificación «CE» redactaranse en idioma castelán cando o solicitante estea establecido en España.

4. Verificación de partes de subsistemas de conformidade co artigo 13, número 5.

Se se vai expedir un certificado de verificación para determinadas partes dun subsistema, as disposicións do presente anexo aplicaranse *mutatis mutandis* ás ditas partes.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde ministerial dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de ferrocarrís e transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde ministerial incorpórase ao dereito español a Directiva 2014/106/UE da Comisión, do 5 de decembro de 2014, pola que se modifican os anexos V e VI da Directiva 2008/57/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre a interoperabilidade do sistema ferroviario dentro da Comunidade, así como a corrección de erros realizada polo Consello da Unión Europea con data do 1 de abril de 2015 en relación co anexo I da Directiva 2008/57/CE.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 13 de novembro de 2015.—A ministra de Fomento, Ana María Pastor Julián.